



## CIRCULAR INFORMATIVA 8/2018

### 1. COMISIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS

A Xunta de Goberno, na sesión do 15.05.2018, acordou abrir un **prazo ata o vindeiro 25.05.2018 para cubrir 4 prazas** da Comisión de Novas Tecnoloxías co fin de seguir desenvolvendo, entre outras, as seguintes materias:

- Expediente electrónico e rexistro electrónico
- Lexnet
- Ciberseguridade
- Novas aplicacións relacionadas co ámbito profesional da avogacía

Os Colexiados interesados en incorporarse a esta comisión poderán presentar as súas solicitudes por escrito na secretaría do Colexio ata vindeiro venres 25 de maio ás 14.00 h.

### 2. CREACIÓN DA COMISIÓN DE PARTICIPACIÓN COLEXIAL

A Xunta de Goberno, na sesión do 15.05.2018, acordou crear a Comisión de Participación Colexial que terá como fin principal favorecer unha maior interacción de todos os Colexiados e Colexiadas na actividade Colexial.

De cara á creación desta comisión, ábrese un prazo ata o 1 de xuño para que os Colexiados interesados poidan solicitar a súa inclusión na dita comisión. As solicitudes poderán remitirse ao enderezo electrónico [st.gerente@icasantiago.org](mailto:st.gerente@icasantiago.org).

Para garantir un correcto funcionamento e operatividade, esta comisión organizarase de acordo cos seguintes puntos:

- Estará composta por un máximo de 10 Colexiados/as, para garantir a operatividade das sesións de traballo.
- Estará presidida por un deputado/a da Xunta de Goberno.
- As súas funcións principais serán: (1) contribuir a un maior achegamento entre os profesionais e a actividade Colexial; (2) participar con ideas e propostas en asuntos que garden relación coa xestión Colexial; (3) propoñer actuacións ou actividades de interese para o ámbito profesional e que contribúan a estreitar relacións entre os Colexiados e destes co Colexio; (4) detectar posibles defectos ou problemas no exercicio da profesión e procurar solucións, etc.



## CIRCULAR INFORMATIVA 8/2018

### 3. PUBLICACIÓN: “EL ABOGADO FRENTE A LAS DILIGENCIAS PRELIMINARES”

O Colexio colabora na distribución da obra “El abogado frente a las diligencias preliminares” da que é autor José Manuel Silvosa Tallón, letrado substituto da Administración de xustiza e colexiado non exercente deste colexio.

**Edita:** Aranzadi

**Custo:** 22 €

**Edición:** papel (inclúe versión electrónica)

**Páxs:** 167

Os colexiados e colexiadas interesadas nesta obra poderán adquirir exemplares na secretaría do Colexio (rúa de Eduardo Pondal) ou nas oficinas dos xulgados (As Fontiñas).

### 4. Xornadas sobre cláusulas chan: “novidades xurisprudenciais sobre condicións xerais de contratación (cláusulas chan, cláusulas abusivas e gastos)”

**Día:** 29 de maio

**Lugar:** salón de actos

**Hora:** 18.00 h

**Relatora:** D<sup>a</sup> Eva Martínez Gallego (maxistrada do Xulgado de 1<sup>a</sup> Instancia Núm. 4 de Ourense)

**Día:** 12 de xuño

**Lugar:** salón de actos

**Hora:** 19.00 h

**Relatora:** D. Daniel González Uriel (maxistrado do Xulgado de 1<sup>a</sup> Instancia Núm. 7 bis da Coruña)